

## ACTA NÚM. 12/13

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVIEMBRE DO 2013.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día vinteoito de novembro de dous mil trece, reúnese o Pleno deste concello.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

##### Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

##### Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

D. Roberto Rivas Reboredo.

D.<sup>a</sup> María Xesús Castro Calviño

##### Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. M<sup>a</sup> Margarita Canay Pintos.

##### Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

#### ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- CAMIÑO PÚBLICO EN CORUTO.
- 3.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN. DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 4.- ORDENANZA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 5.- MOCIÓNS PRESENTADAS.
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-**

Dada conta da acta de data 08-11-2013 en relación co punto **3.- FINANCIACIÓN CAIXA ANTICIPOS ADQUISICIÓN DE TERREOS** si ben se había dictaminado en Comisión Informativa e se trataba dun punto vinculado o punto 2 considerase que non foi suficientemente explicitado o seu tratamento e debate polo que se propón suprimilo da acta.

Aprobase a acta por unanimidade coa citada corrección.

### **2.- CAMIÑO PÚBLICO EN CORUTO**

Dase conta do expediente tramitado no que constan os antecedentes que se detallan a seguir:

- Informe do Técnico Municipal redactado o 18 de xuño de 2013, no que informa da colocación dun portal de ferro en terreos de propiedade pública impedindo o paso ás parcela 1593 e 1595 do polígono 510 dos planos de catastro do Concello de Barro. Neste informe recóllese tamén que segundo os veciños/as o portal foi colocado recentemente polo propietario da vivenda núm. 45 do lugar de Porráns (Barro), D. Jesús Quintenla Iglesias con domicilio no lugar de Jainas núm. 46 do Concello de Poio (36994).

- Reportaxe fotográfica onde se constata a colocación dunha cancela na entrada o camiño no lugar de Coruto da parroquia de Barro.

- Consta no expediente copia de escritura de compravenda de parcela 1594 do polígono 510 a favor de D. Raul Búa Buceta (núm. 157), espedida por D. Constantino Girón Mallo, Notario do Ilustre Colexio da Coruña, redactada en Caldas de Reis o 20-06-1937, no que se constata que a parcela "*Eirado de la Casa*" ten como linde da parcela pola parte norte camiño.

- Plano da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural de data decembro de 2003 da rede de camiños e obras da zona de concentración parcelaria Agudelo-Barro-Valiñas.

- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 25-06-2013 notificado o interesado D Jesús Quintenla Iglesias con data 17-07-2013 requeríndolle a retirada da cancela que pecha o acceso ó camiño público.

- Escrito de D. Jesús Quintenla Iglesias de con data de rexistro de entrada no concello 26-07-2013 no que defende o carácter privado do terreo sinalando que as parcelas 1593, 1595 e 510 teñen acceso directo a través de viais públicos.

- Escrito do Concello de data 04-09-2013 solicitando á Consellería de Medio Rural informe sobre a natureza e titularidade de dito terreo incluído no proxecto de concentración parcelaria Agudelo-Barro-Valiñas.

- Escrito da Consellería de Medio Rural de data 31-10-2013 adxuntando informe de data 14-10-2013 no que se sinala que o terreo existente entre as fincas 1593, 1595 e 1594 está incluído na rede viaria da zona de concentración.

- Escrito do Concello de data 05-11-2013 dando traslado e audiencia a D. Jesús Quintenla Iglesias do informe de Consellería de Medio Rural.

- Escrito de D. Jesús Quintenla Iglesias con data de entrada no rexistro do concello do 13-11-2013 no que mantén o seu criterio sobre a natureza privada do terreo.

Fundamento legais:

- Lei 7/85 do 2 de abril (L.B.R.L.) art. 21, 22, 82
- RDL 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP) disp. adic segunda.
- R.D.L. 781/86 (TRRL), art. 23, 85.
- R.D. 2568/86 de 28 novembro (ROF) art.50.
- R.D. 1372/86, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais, art. 44, 70,71 e 72.
- Lei 33/2003 de 3 de novembro, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, art. 41 e ss.
- Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico e Procedimento Administrativo Común art. 94 e ss

Considerando, que da documentación obrante no expediente se deduce o carácter demanial e público dos terreos.

Considerando, que os terreos aparecen no proxecto de concentración parcelaria como vial incluído no proxecto da rede de camiños.

Considerando, a competencia e prerrogativas que a lexislación vixente lle recoñece ó Concello na defensa dos bens de dominio público de titularidade municipal.

O Asunto foi dictaminado en comisión informativa de asuntos do pleno de data 28-11-2013.

Sometido o asunto a votación acordase por **unanimidade**:

**Primeiro.-** Desestimar as alegacións presentadas por D. Jesús Quintenla Iglesias por considerar que non cuestinan o carácter de vial público dos terreos.

**Segundo.-** Confirmar o carácter de vial público de titularidade municipal do terreo situado entre as fincas 1593, 1595 e 1594.

**Terceiro.-** Requerir a D Jesús Quintenla Iglesias para que no prazo de 10 días retire a cancela que impide o acceso por dito vial.

**Cuarto.-** Informar ó interesado que caso de non deixar libre o acceso o vial público o concello poderá acudir a execución subsidiaria seguindo o procedemento legalmente establecido e sendo por conta do interesado os gastos que se orixinen.

### **3.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Dase conta da aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar e da publicación do anuncio de aprobación no B.OP núm. 164 de data 28-08-2013

No DOG do 24 de setembro de 2013 publícase o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu

custo que afectaría o establecido na ordenanza inicialmente aprobada.

Propóndose deixar sin efecto dita ordenanza para a aprobación dun novo texto adaptado a normativa vixente.

Sometido a asunto a votación acordase por maioría, absoluta con 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 abstencións ; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

Deixar sin efecto a tramitación da aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

#### **4.- ORDENANZA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-**

Dase conta do texto e expediente da Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Barro.

Aclárase que o texto da ordenanza foi elaborado adaptado á normativa vixente incluíndo o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, de recente publicación participando na elaboración da mesma os servizos sociais dos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Catoira, Moraña e Portas.

Sometido a asunto a votación acórdase por maioría, absoluta con 6 votos a favor; votan Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 3 votos en contra ; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e 2 abstencións votan os Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

**Primeiro.-** Aprobación do texto da Ordenanza municipal do servizo de Axuda no Fogar do Concello de Barro que se transcribe:

##### **“ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BARRO**

###### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.1 K e 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece no artigo 80.2 k). a competencia municipal na prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal. O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas *normas de funcionamento, visadas polo órgano competente*, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Barro, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

## **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1º.- Obxecto**

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Barro.

### **Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Barro.

### **Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo**

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.
2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.
3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

### **Artigo 4º.- Contido do servizo**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

- b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
  - I. Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.
  - II. Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.
- c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
  - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
  - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
  - III. Preparación dos alimentos.
  - IV. Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.
  - V. Apoio á unidade familiar.
  - VI. Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

- d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.
- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falcite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo 5º.- Persoas destinatarias**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

#### **Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
- 2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- 3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
6. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
7. A coñeceren a situación do seu expediente.
8. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
9. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
10. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

#### **Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

#### **Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:
  - a. A renuncia da persoa usuaria.
  - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
  - c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
  - d. Falecemento da persoa usuaria.
  - e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
  - f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
  - g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.
3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e

funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrència e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS**

#### **Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo**

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Barro ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

#### **Artigo 11º.- Requisitos específicos**

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello de Barro, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa



usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo III desta ordenanza.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Barro e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.
- d. Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de Barro, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrancia, segundo o seguinte procedemento:
  - a. Presentación da solicitude, segundo o anexo IV desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante.

III. Certificado de convivencia.

IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde.

V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao de dependencia, de ser o caso.

VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

1. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
3. Xustificante de aluguer/hipoteca de vivenda, de ser o caso.
4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I
- c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza .
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

#### **Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo**

1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.
2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.
3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

6. Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

#### Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

#### Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á

dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

**Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

**Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

- 1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
- 2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	<=20 h	<=45 h	<=70 h
<=100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
100 <= 115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
115 <= 125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
125 <= 150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
150 <= 175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
175 <= 200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
200 <= 215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
215 <= 250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %

Capacidade económica (referenciada ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
Ata			
250<=300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
300<=350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
350<=400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
400<=450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
450<=500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>=500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
<100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
100<=115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
115<=125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
125<=150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
150<=175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
175<=200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
200<=215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
215<=250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
250<=300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %

300<=350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
350<=400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

#### **Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

<b>CAPACIDADE ECONÓMICA</b>	<b>Participación no custe do servizo de SAF básico</b>
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior do 80 % e menor ou igual ao 100% do IPREM	10%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	15%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	20%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	25%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	30%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	35%
Maior do 200% e menor ou igual ao 215% do IPREM	40%
Maior do 215% e menor ou igual ao 250% do IPREM	45%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300% do IPREM	60%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do IPREM	65%
Maior do 350% e menor ou igual ao 400% do IPREM	70%
Maior do 400% e menor ou igual ao 450% do IPREM	75%
Maior do 450% e menor ou igual ao 500% do IPREM	80%
Superior ao 500 do IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Barro, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

#### **Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

#### **Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

#### **Artigo 22º.- Nacemento da obriga de pago**

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

#### Artigo 23º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora de servizo de axuda a domicilio aprobada polo Concello de Barro en sesión plenaria do 18/06/2009 (BOP nº 187 de 28 de setembro de 2009), as posteriores modificacións e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza, unha vez aprobada definitivamente e publicada na forma legal establecida, entrará en vigor conforme ó disposto no art. 70.2 e 65.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

#### ANEXOS:

#### ANEXO I

##### FACTOR 1.- AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos)

	Sen limitacións	Limitación da capacidade		
		Lixeira	Moderada	Severa
Capacidade persoal				
Realización das ABVDs	0	15	20	25
Realización das AIVDs	0	5	10	15
Puntuación máxima	0	20	30	40

##### FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio	20	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal	18	
A persoa vive soa, conta con apoio de familiares e do contorno veciñal	15	
A persoa convive con persoas sen capacidade para atendelo	Por idade avanzada	15
	Por motivos laborais	15
	Existencia de problemas de desestruturación	20
	Falta de formación en relación á atención da p. usuaria	10
Outros ( <i>especificar</i> ):	10	
A persoa convive con familiares que lle prestan a atención que require	0	
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>		

##### FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR (máximo total 20 puntos)





Tipo de servizo a prestar 4:

Perfil dos/as profesionais:

Outros servizos:

**3.- Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:**

Existencia: **SI** **NON**

Nº de horas semanais:

Servizos/Apoios:

**4.- Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:**

Obxectivos do servizo proposto

Tarefas que se realizarán:

**5.- Periodicidade dos seguimentos (mínimo bimensual)**

**Técnico Responsable.**

**Asdo.:** .....

Identificación do expediente en SIUSS (1)

Nº de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente (2)

Tipoloxía SIUSS (3)

Pódese empregar a tipoloxía SIUSS (4)

**ANEXO III**

**Servizo de Axuda no Fogar: Acordo do servizo**

Reunidos en Barro o día ..... / ..... / ..... dunha parte don/dona..... con DNI..... e doutra....., en calidade de técnico/a responsable do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Barro.

**ACORDAN:**

1.- Que o Concello de Barro prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día ..... do.....de.....

2.- Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizarase para as persoas usuarias de dependencia con carácter indefinido e para as persoas que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia por un prazo de ....., con posibilidade de prórroga segundo valoración do departamento de servizos sociais.

2.- Que o SAF se levará a cabo .....por un total de ..... horas mensuais, **distribuídas semanalmente nos seguintes días**.....

3.- Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro do 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, ó Decreto 99/2012, de 16 de marzo, ao Decreto 149/2013, do 5 de setembro, e á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de -----euros/mes, polo que lle corresponde unha porcentaxe de -----, sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar .....€ polo total de horas prestadas.

Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro do 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, ó Decreto 99/2012, de 16 de marzo e á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de -----euros/mes, polo que lle corresponde unha porcentaxe de -----, sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar .....€ polo total de horas prestadas.

4.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

5.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal	
Atencións persoais en outras actividades	
Atencións de carácter doméstico	
Atencións de carácter psicosocial e educativo	
Atencións de carácter complementario	

1. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inmediatamente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexada ao acordo inicial.
- 6- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.
- 7- Existe un libro de queixas e reclamacións a disposición das persoas usuarias.

Ambas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínao.

Barro a .....de.....de.....

A persoa usuaria

O/A técnico/a responsable

#### ANEXO IV

#### SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Don/Dona.....

Con DNI núm....., Estado civil.....

Data de nacemento....., Enderezo.....

Teléfonos...../.....

#### EXPON:

Que precisa de apoio na realización das tarefas que a continuación se sinalan para continuar no seu contorno habitual:

- Atención de carácter persoal:
- Atencións de carácter doméstico.
- Atencións de apoio psicosocial:
- Atención de carácter socioeducativo:
- Atencións de carácter técnico e complementario:

Por isto, **SOLICITO** sexa admitida a trámite a miña solicitude do Servizo de Axuda no Fogar, para que se proceda á valoración pertinente para a miña inclusión no servizo.

En Barro a .....de.....de.....

Asdo: .....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BARRO”

**Segundo.-** Someter o texto da Ordenanza xunto co expediente a información pública polo prazo de 30 días, elevándose a definitivo o acordo no caso de que non se presenten reclamacións.

## **5.- MOCIÓNS PRESENTADAS.-**

### **5.1.- MOCIÓN CONTRA O CANON DE SOGAMA.**

Dase conta da Moción presentada por D. Xosé Manuel Fernández Abrales, portavoz do BNG, contra o canon de SOGAMA, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos de Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA).

2.- A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada no establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

3.- Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

4.- Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favoreceu oligopolio das grandes empresas enerxéticas, penaliza as fontes de xeración alternativas.

5.- Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsibles que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito, é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

6.- Estaroposta de incremento desmesurados custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis

respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritario no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademaisde supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

7.- Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

8.- Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atenxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

9.- Compre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten na valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

10.- A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.

2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e os concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellería con atribucións en medio ambiente.

3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír unha nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

Barro a 13 de novembro de 2013".-----

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernández Abrales facendo constar a oposición do seu grupo a suba do lixo e plantexa como alternativa a opción pola reciclaxe do lixo aludindo a que en algún momento.

Sr. Alcalde, entende deben plantexarlle alternativas máis realistas e razoable xa que o lixo hai que eliminalo e so caben dúas alternativas, non produci-lo ou queimalo e reciclar o máximo posible.

Sr. Fernandez Abraldes, o plantexamento do alcalde non ten nada que ver co que aquí se plantexa sobre o incremento do precio, que se pretende facer de xeito unilateral cando habería que dar conta do resultados da xestión de SOGAMA, xustificación dos costes e negociación dunha posible subida do canon.

Sr. Alcalde, que en relación co tema da xestión do lixo dentro do seu partido xa ten plantexado obxeccións a subida do precio, pero a única forma de financiar a SOGAMA, tendo en conta que se trata dun servizo deficitario, será incrementando o canon e aclara que se está tratando de que sexa a Deputación Provincial a que asuma a diferenza da subida para os concellos de menos de 20.000 habitantes

Sr. Fernández Abraldes, que o que plantexa a alcalde non quere dicir nada pois a Deputación podería facelo por interese selectoral para logo deixar os concellos e os veciños asumindo a subida.

Sr. Roberto Rivas Reboredo, remarca que se plantexou unha alternativa baseada na reciclaxe pola que en principio estaba dacordo a Deputación Provincial de Pontevedra que remataría desentendéndose da mesma de xeito difícil de explicar.

Sr. Sanmartín Soto, que o problema e que a xestión do lixo se está levando por unha empresa privada e estas fan o que queren polo que habería que controlalas antes de sobrecargar os concellos e o s veciños con mais subas.

Sometido a asunto a votación acordase por maioría, absoluta con 6 votos a en contra; votan os Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 a favor; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE): Rexeitar a moción presentada polo BNG.

## **5.2.- MOCIÓN CONTRA A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO “PRESTIGE” E A PROL DA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALIZA.**

Dase conta da Moción presentada por D. Xosé Manuel Fernández Abraldes, portavoz do BNG, contra a impunidade da marea negra do “Prestige” e a prol da transferencia de competencias marítimas á Xunta de Galicia, que se transcribe:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1.- O sinistro do buque petroleiro “Prestige” nas costas de Galiza o 13 de novembro de 2002 mostrou daquela o problema da seguranza do tráfico marítimo que circula polo corredor de Fisterra e ameaza as costas galegas, e, desgrazadamente hoxe, coa sentenza ditada polo xulgado a total impunidade dos autores da marea negra e dos responsabeis políticos no goberno do PP no Estado e os seus cómplices na Xunta.

2.- A pesar de o litoral de Galiza ser o máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 43 anos houbo catro buques que provocaron importantes vertidos de hidrocarburos ao mar (Polycommander, Urquiola, Aegean Sea, Prestige) aos que se lle deben sumar outros sinistro en que tamén houbo unha importante contaminación mariña polos vertidos de produtos altamente contaminantes (Erkowiz, Cason), son as autoridades xudiciais as que permiten, despois de

11 anos, a pervivencia desta situación de risco e a impunidade manifesta dos responsábeis.

3.- A sentenza do "Prestige" permite que o Estado continúe controlando os dispositivos de transporte de mercadorías perigosas por mar nas costas galegas, impedindo que Galiza poida facelo en porto e en tránsito, e tamén que os medios de salvamento e prevención de catástrofes ambientais despregados nas nosas costas non sexan suficientes e adecuados para encarar situacións de risco ou combater a ameaza da contaminación.

4.- Así hoxe, con esta sentenza, non só se premia o feito da marea negra senón que os seus responsábeis quedan impunes, e ademais vale para apoiar a falta de vontade para transferir as competencias en tráfico marítimo e prevención de accidentes no mar á Xunta de Galiza, animando a actitude compracente dos gobernos español e galego do PP, que non actúan nas instancias que ocupan para protexer os intereses dos galegos e galegas vinculadas directamente á actividade pesqueira no mar e que constitúe unha fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras de Galiza.

Por todo iso, solicítase do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1.- Lamentar a sentenza ditada pola marea negra provocada polo Prestige que permite a impunidade dos seus responsábeis, tanto políticos como materiais.

2.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do estado español a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalán nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademais da competencia inherente ao salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña nas costas de Galiza.

3.- Apoiar as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia.

4.- Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos do Parlamento galego.

Barro a 14 de novembro de 2013".-----

Sr. Fernández Abraldes, lamenta que se dictase unha sentenza sin responsables pola desfeita e plantexa que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias para que se trate de resolver os problemas xenerados pola sentenza da mellor maneira posible.

Sr. Alcalde, sinala que un xuíz non vai a dar nunha sentenza o que non se lle pediu na demanda que pretendía a condega de algún político, trata dun asunto mal plantexado e a Xunta de Galicia esta a plantexar un recurso para tratar de recuperar o importe dos custos de limpeza.

Sr. Fernández Abraldes, aclara que precisamente foi o representante do Estado o que na causa aberta retirou a acusación contra a aseguradora o que vai contra o interés polo resarcimento dos danos.

Sr. Sanmartín Soto, mostra o apoio do seu grupo a moción e sinala que alquen tería que ser o responsable de haber andado co barco de paseo contaminado as costas.

Sometido a asunto a votación acordase por maioría, absoluta con 6 votos a en contra; votan os Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 a favor; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE): Rexeitar a moción presentada polo BNG.

### **5.3.- MOCIÓN SOBRE O REXEITAMENTO Ó NOVO REPAGO PARA**

## **FÁRMACOS QUE SE DISPENSAN NOS HOSPITAIS DE MANEIRA AMBULATORIA.-**

Dase conta da moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Barro para rexeitar o novo repago para fármacos que se dispensan nos Hospitais de maneira ambulatoria, que se transcribe:

“Exposición de motivos:

Dende a posta en marcha, no ano 2012, do Real Decreto-Lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obrigatoriedade de cofinanciar unha parte do custo dos medicamentos por parte dos pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar entre o 10% e o 20% en función da súa renda.

Á introdución do repagamento temos que engadirlle a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados, os cales dende entón multiplicaron o seu custo. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxiles, dun xeito moi especial dos xubilados e xubiladas coas pensións máis baixas.

Non debemos esquecer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado pola dereita, tanto polo Goberno de Rajoy como polo Goberno de Feijoo, cunha nefasta xestión e complicidade que ambos comparten con políticas en común contra a igualdade de oportunidades e os servizos públicos, que están a deteriorar a calidade de vida e a empeorar as desigualdades sociais.

Os Concellos galegos son dos que teñen mais poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, que é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos. Pensionistas que ademais do repago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, as subidas de IRPF, da auga, do transporte... con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do repago non reduciu o gasto farmacéutico, senón que aumentou o gasto das economías do enfermos, dos pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser recitados polo médico por falta de recursos económicos.

Pero se as medidas impostas ata agora trala publicación do Real Decreto eran inasumibles, os sucesivos recortes e repagos que van aparecendo co desenrolo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

Recentemente publicábase no Boletín Oficial do Estado, o 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que,

*-Se procede a modificar as condicións de financiación de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud mediante a asignación de achega do usuario, en desenrolo do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.*

Con esta publicación, feita por certo sen notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Goberno evitaba a súa publicidade tratando de soslaiar a reacción adversa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e das súas familias, presentándoo así como un feito consumado.

Este Decreto vén de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o repago por parte das persoas usuarias.

O goberno do PP chámalle a isto aportación reducida, pero é unha mentira máis, xa que se trata de pagar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria ata 4,20 euros por cada envase e para cada medicamento, non en total, o que supón que o que está máis enfermo é o que máis paga, nun contexto de crise e perda de

recursos para a cidadanía. En definitiva, outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas vén dada polo feito de quevai ser aplicada aos pacientes máis graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese tipo de medicación.

A ministra, Sra. Mato, acorda que por medio desa medida impoñer o repago de 157 presentacións farmacolóxicas duns 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de ril avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mieloide crónica, a artrite reumatoide, a dexeneración macular ou a hepatite C crónica, entre outros.

Ante esta circunstancia, moitan foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración. De igual maneira o fixeron algunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incompreensión ante unha medida tan ineficaz como inxusta.

En Galicia, o señor Feijoo xa tenanunciado que as vai comezar a aplicar no mes de xaneiro, sen ningún cuestionamento nin oposición, aínda sabendo o prexudicial que é para os pacientes máis graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico.

Esta medida, que introduce outro repag mediante un novo imposto aos máis enfermos e aos máis débiles, supón un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situacións de risco pra a vida humana.

Un dereito como é o da saúde non pode convertirse nun privilexio.

Por todo iso, o Trupo Municipal Socialista no Concello de Barro propón na seguinte MOCIÓN:

1º.- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento en graves patoloxías e de doenzas crónicas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.

3º.- Pedirle ao pleno da corporación que nos sensibilicemos con este tema e fagamos o posible para darlle solución a todas aquelas persoas que conozcamos e necesiten deses tratamentos que non poderán pagar. Por últimos editar un bando Municipal onde se lle informe os veciños, de que nadie quede sen mercar as menciñas para os seus tratamentos das enfermidades graves, e que para eso se dirixa o concello para tentar dunha forma ou doutra darlle unha solución, xa que deso depende a súa vida.

31 outubro 2013".-----

Sr. Sanmartín Soto, sinala que cada vez son máis as familias con enfermos crónicos que non poden pagar os medicamentos, a achega imposta os usuarios levouse a cabo sin ter en conta a opinión dos sanitarios polo que renuncia a medicación por falla de recursos está agravando o estado dos pacientes e polo tanto incrementando o custe sanitario derivado do agravamento das enfermidades polo que considera necesario que o concello se implique axudando as familias máis necesitadas.

Sr. Alcalde, mostra o seu acordo con pedir que non se aplique o Decreto do copago pero entende que non a vai a ser o concello o que se faga cargo do repago porque a beneficiencia acabouse e non debe voltar, sendo ademáis complicado establecer un criterio para a colaboración do concello no pago dos medicamentos.

Sr. Sanmartín Soto, insite en que o concello tamén debe implicarse na colaboración no pago para as situacións de necesidade.

Sr. Alcalde, reitera que o seu grupo está disposto a apoiar a primeira parte da moción.



Sr. Fernández Abrales, sinala que o importante é que a Xunta de Galicia non aplique o Decreto do copago xa hai outras comunidades autónomas como é o caso do País Vasco que non aplica o copago e o goberno central trata de obrigalos plantexando recursos ante o constitucional.

Sr. Sanmartín Soto, acepta manter o primeiro punto da moción para acadar o apoio de toda a corporación.

#### **Sometido a asunto a votacion acórdase por UNANIMIDADE:**

1º.- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON aplicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o repago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento en graves patoloxías e de doenzas crónicas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.

#### **5.4.- MOCIÓN DE APOIO AO COLECTIVO DE PERSOAS BENEFICIARIAS DE PENSÍONS NO EXTRANXEIRO.-**

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Socialista do Concello de Barro que se transcribe:

“O Grupo socialista presenta esta Moción, facéndonos eco da petición que nos trasladan persoas que son beneficiarios de pensións no extranxeiro.

Nestes últimos meses o colectivo arriba sinalado viuse afectado por requerimentos da AEAT (delegacións de hacienda de Pontevedra, Vilagarcía) a fin de que presentasen as cantidades percibidas do extranxeiro durante o ano 2008, en concepto de pensións. Coa finalidade de proceder a regularización/formulación de declaración complementaria do IRPF do citado exercicio anual.

@S AFECTAD@S integrantes deste colectivo nunca foron informados e descoñecían calquera obriga de declarar estas pensións.

Non se expediu certificación ningunha do país pagador das cantidades percibidas.

Debemos destacar o carácter repentino, inesperado e sorprendente dos requeridos, sentíndose como defraudadores.

De existir unha lei que os obligue a tributar por tales pensións, non podemos entender este afán recaudatorio despois de cinco anos, aparecen agora con estes requerimentos antes da súa prescripción.

Por todos estes motivos e porque consideramos que estes AFECTAD@S non foron defraudadores, SOLICITAMOS:

-PROPOÑEMOS Ó PLENO DESTE CONCELLO, DAR O NOSO APOIO A ESTE COLECTIVO DIANTE DA A.E.A.T. PARA QUE SE EXIMAN DE PAGAR SANCIÓN E INTERESES DE DEMORA.

-TAMÉN SE ESTUDEN TODOS OS CASOS E SE LLE DÉ AS FACILIDADES MÁXIMAS PARA PODER FACER FRENTE ÓS PAGOS POLAS DECLARACIÓNS CORRESPONDENTES.

Barro, a 31 de outubro de 2013".-----

Sr. Sanmartín Soto, sinala que o tema do colectivo de emigrantes mal informados e logo asediados con expedientes sancionadores é inxusto e polo tanto

merece o rexeitamento do concello e o apoio ós afectados.

Sr. Alcalde, mostra o seu apoio para que se deixe sin efecto as sancións e os intereses.

Sr. Fernández Abraldes, mostra o apoio do seu grupo e remarca que non cabe tratar como defraudadores a persoas ás que non se lles informou previamente ou se lle mal informou mentras os grandes defraudadores de guante blanco seguen actuando con total impunidade.

### **Sometido o texto da moción a votación aprobase por UNANIMIDADE**

### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Sr. Fernández Abraldes, roga que en relación cos debates na corporación se eviten as alusións a familiares que en todo caso deben quedar á marxe do debate político

Sr. Alcalde, que en relación coa alusión a familiares faise porque dito familiar aparece asinando un papel que está nun expediente.

Sr. Roberto Ribas Reboredo, que non se debe aludir a familiares nos debates políticos porque o seu grupo veu respetando este principio a pesares de ter motivos para entrar en debates deste tipo e non o fixo e esixe que os demais fagan o mesmo

Sr. Fernández Abraldes, no caso do monte da parroquia de Perdecanaí ben sabe o Sr. Alcalde que se tocou monte parroquial para o que non dispoñía de autorización

### **Dilixencia.- Sendo as 22:10 abandona o salón de sesións Dna. Teresa Roig Olona**

Sr. Alcalde, que as actuacións se limitaron ó terreo comprado e pide conste en acta que o Sr. Fernández Abraldes afirma que se tocou o monte veciñal.

Sr. Fernández Abraldes, que o Sr. Alcalde explique toda a problemática no tratamento do monte veciñal no proxecto da cidade deportiva e non a medias.

Sr. Fernández Abraldes, roga se adopten medidas en relación co cruce de Búa porque carece de visibilidade para unha incorporación segura a estrada.

Sr. Alcalde, que haberá que solicitarlle á Xunta de Galicia tome as medidas necesarias por ser a estrada da súa competencia.

Sr. Fernández Abraldes, pregunta se o Sr. Alcalde solicitou da Deputación a posta en valor do Castro do Monte da Chan, un dos castros máis importantes da contorna, como veñen facendo outros concellos da Provincia con proxectos para os que nunhos casos xa se fixeron traballos de excavación e se anuncian intervencións en outros.

Sr. Roberto Rivas Reboredo, alude o Castro de Besomaño con traballos de posta en valor levados a cabo coa financiación da Deputación Provincial e que se pode ir a ver para comprobar o seu interés, lembra o proxecto encargado polo Concello de Barro á Universidade de Santiago pretendendo decir donde había que excavar e que logo apareceron as vivendas castrexas a ras de chan.

Sr. Alcalde, que o que hai no castro xa se comprobou nese proxecto e voltouse a tapar.

Sr. Sanmartín Soto, pregunta polo estaquillado feito nunha finca situada en Curro a beira da estrada autonómica.

Sr. Alcalde, que se trata dun expediente tramitado no que unha persoa pretende unha parcelación que afecta a terreo expropiado no seu día por Fomento para ampliación da estrada, o unico que se fixo e delimitar o terreo pola Xunta e o expediente esta a disposición dos concelleiros

Sr. Sanmartín Soto, pide se lle informe sobre o seu plantexamento de construír algunha pista de tenis no borde do campo de fútbol cando se executen as obras do mesmo

Sr. Alcalde, que primeiro hai que replantexar o proxecto sobre o terreo para a construción do campo de fútbol e o resto do terreo aprobeitalo para o que sexa posible pero dándolle en todo caso prioridade á instalación do campo de fútbol.

---

A sesión rematou ó fin das vintedúas horas dez minutos. Dou fe.